

SOS XARDÍNS MONDARIZ BALNEARIO

Informe sobre impactos no medio natural

Aproximación ás especies vexetais dos
Xardíns do Gran Hotel de Mondariz
Balneario

Agosto de 2014

Este documento forma parte das alegacións presentadas pola plataforma cidadá SOS XARDÍNS no proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica da “Modificación Puntual do POMR no entorno do Gran Hotel” promovida polo Concello de Mondariz-Balneario.



APROXIMACIÓN ÁS ESPECIES VEXETAIS DOS XARDÍNS DE BALNEARIO

O RÍO

O regueiro de Valdecide, afluente do Xabriña e este do Tea, canalizado no seu percurso polos Xardíns de Balneario, presenta modificacións salientábeis a respecto do seu estado orixinal, tras cotexo con outros tramos do río menos desnaturalizados.

Así, na vexetación ventureira do Valdecide aparecen profusamente os amieiros (*alnus glutinosa*) no estrato superior; salgueiros negros (*salix atrocinerea*), sabugueiros (*sambucus nigra*) e sanguíños (*frangula alnus*) no sotobosque próximo ao río e, en menor medida, abelairas (*corylus avellana*), máis afastadas do curso. O estrato herbáceo, composto maioritariamente por dentabré (*osmunda regalis*), a fenta (*blechnum spicant*), fento macho (*dryopteris filix-mas*), fento femia (*athyrium filix-femina*), brións (*sphagnum*, *polytrichum*) e lianas tales coma a hedra (*hedera helix*) ou a saltasebes (*tamus communis*).

No seu percorrido polos xardíns, o ecosistema ribeireño orixinal desaparece, e o río e pasa a ser un elemento que complementa o espazo creado para o lecer; aínda así, a súa importancia é capital pois un bo número dos espazos creados sitúase ás súas beiras; necesitan del.

Na entrada dos xardíns pola fachada oeste do Gran Hotel, acompañando ao regueiro pola marxe esquerda, aparecen 7 abelairas de porte arbustiva (ramificación a rentes de chan) irregular, cos abondosos tocos de toros decepados e degradados en cada pé, toros delgados e algo retortos, follas reviradas e sensibelmente murchas.



Desenvolvemento errático das abelairas



Demoucas a rentes nas abelairas

Seguindo pola mesma marxe e atopamos 2 pasos sobre o río á nosa esquerda. Deixámoslos e o regueiro, a partir de acó, conforma outro ambiente. Bifurcado durante 50m, amosa entre os dous brazos que o conforman un illote no que se asenta o antigo invernadoiro, resgardado no perímetro por un ambiente arbóreo sombrizo e húmido, similar ao dos espazos ribeireños atlánticos.

Así é que no illote aparecen 3 amieiros e 1 salgueiro (*salix atrocinerea*) de portes xenerosos e 5 abelairas arbustivas de traza aparente coa base dexenerada. 1 teixo novo (*taxus baccata*), 1 nogueira, 2 cedros xaponeses (*criptomeria japonica*), 1 cedro atlántico (*cedrus atlanticus*), 1 portentosa picea cuxo nome, tras a cantidade de variedades existentes, require observación demorada, 3 falsas acacias e outra variedade de acacia completan o ambiente.



Bifurcación do Valdecide. Illote

No outro lado do río, por onde transcorre o noso camiño, 2 abelairas, 2 loureiros e 4 exemplares do pradairo americano (acer negundo) dos que un se atopa en mal estado de conservación. Este pradairo é unha árbore asidua dos xardíns pois gosta de chans variados (aínda que prefire os calcarios), humidade, aguanta a exposición asollada ou algo sombriza, tolera a polución, medra rápido e no outono, a súa presenza, debido á cor amarela das follas, é notábel. Mais ao se espallar e naturalizar doadamente a través das samaras (froito) debe ser controlado no espazo onde se amosa, de tal xeito que nestes xardíns medra ventureiro en diversos ambientes.



O xardín inglés

Seguimos andando e presenciamos un novo espazo . Así, o xardín ábrese e, franco, amosa o camiño que atravesa árbores salferidos acá e acolá entre o céspede e outras especies herbáceas; semella unha visión natural e reflicte harmonía; estas son as sensacións que nos traslada o **xardín inglés**. Mais todo está controlado...ou debería estalo.



Tocos na zona da horta

Malia nos encontrarmos nun ambiente fermoso, a vista diríxese aos 19 tocos das árbores cortadas estes anos; unha boa cantidade deles obsérvase logo da edificación da lavandaría, na marxe dereita do camiño. A identificación das especies cortadas require tempo dado o seu estado dexenerado.

Volvemos a ollada á paisaxe e aí salientan os tileiros. Sitúanse 7 ás beiras do camiño. Distínguense dúas especies. Unha podería ser é a *tilia cordata* dada a cor verde-azulada do envés e a outra a *tilia parvifolia*, mais debido a que hibridan con facilidade ben puidera haber algún exemplar de *tilia vulgaris*.

O tileiro require chans calcarios, aínda que pode medrar nos silíceos; gusta da humidade e solos permeábeis; por isto, é difícil atopalo ventureiro no noso territorio e facilmente, en cambio, nos parques e xardíns.

O estado dos tileiros é diverso. Algún presenta follas dexeneradas, outros portes irregulares, outros fermosas copas densas e amplas.

7 cerdeiras, algunha coa follaxe en mal estado e algunha outra, ventureira, 2 cedros atlánticos, 1 cedro xaponés, 1 sabugueiro coa follaxe amarela, 2 carballos (*quercus robur*), 2 loureiros, 1 castiñeiro das indias (*aesculus hippocastanum*), 1 pradairo americano, 2 palmeiras no remate e 2 falsas acacias (robinia pseudoacia) que xunto das que aparecen, no fondo, onde o concello tiña por costume queimar os refugallos das demoucas, fan necesaria unha intervención antes de que invadan o terreo.

Atravesamos o río para o percorrermos pola súa beira dereita e mentres cruzamos a ponte botamos ao Valdecide unha derradeira ollada onde campan 1 amieiro, 4 carballos e 2 abelairas.



Agora temos diante, á esquerda un fragmento de xardín francés. Así, entre sebes de buxos pouco vigorosas pois a follaxe medra rala e acentúase esta imaxe na parte máis asollada, 5 carballos, 1 tileiro e 2 maceiras onde hai anos, con probabilidade, o espazo estaría ateigado de froiteiras, con demoucas na súa parte superior, ocupan o espazo.

Á dereita, nunha leve ondulación, franca hai poucos anos, hoxe confórmase coma un lugar sombrizo, húmido onde 1 gran salgueiro, o que semellan 2 *picea abis, variedade pendula* (abeto de Noruega), e 1 vigoroso pradairo americano no centro, o ateigan, de xeito venturoiro, acubillados por 3 abelairas, e 2 castiñeiros (*castanea sativa*).

Viramos á esquerda pois así nos leva a curva do camiño e chegamos a carón da piscina, pechada e enreixada no centro dos xardíns. Alí, desde fóra, óllanse pequenos carballos, falsas acacias e algún arbusto de xardín.



Na fachada posterior do Gran Hotel

O BOSQUE

Andamos, deixamos a piscina á esquerda e pisamos no empedrado que, paseniño, nos conducirá ao “Bosque”, figura dos xardíns románticos mais antes, desde a atalaia que supón este camiño, albiscaremos o **xardín francés**, segmentado, tras o visto até este intre, en varias unidades pois desde o seu comezo na parte posterior do Gran Hotel, un enreixado sepárao da parte pública, con evidentes diferenzas de coidado e mantemento; logo, a piscina trunca a súa progresión cara o leste, e, rematado o recinto do baño, volverá a xurdir tal coma ollamos no noso paseo.



A antesala do Bosque. Tileiros

Na parte pública do xardín francés, entre as sinxelas figuras xeométricas das sebes, fan a súa aparición 1 fermoso teixo, 2 rododendros, 2 cupresáceas de gran porte, 2 pradairos americanos, 5 maceiras, 2 pereiras, 4 camelios, 1 loureiro e algunha arbusto de xardín; nalgúns casos, ben se ve que as árbores medraron ventureiras no lugar no que se mostran e a partir de aí, foron integradas no xardín.

Onde nos atopamos creouse un lugar ben fermoso. Tras pasarmos dúas palmeiras, 6 fermosos tileiros de boa fasquía crean un ambiente sombrizo e húmido, acompañados dalgúns buxos cuxa copa redonda indica que os traballos de mantemento nesta xardinaría deben ser continuos. A presenza de 2 falsas acacias é a proba de que falta esa constancia, mais non impiden o recollemento e o sosego que transloce este lugar, antesala d'O Bosque e doutra sorpresa que agocha, o **xardín arqueolóxico**.

Entre o Gran Hotel e a Casa de Dona María prosegue o ambiente sombrizo e húmido; conséguese O bosque, no que salientan os carballos (*quercus robur*) de gran porte.

Así, se fitamos desde a fachada da casa, atopamos 11 carballos e cruzado o camiño, outros 4 carballos e 1 tileiro. Volvemos ao camiño, subimos as escaleiras. Na parte esquerda intúese a Fonte da Gándara pois unha maravallada de vexetación impídenos vela. Son, de aí en diante, 11 grandes carballos, acompañados por loureiros de escaso porte e algúns tileiros.

Se viramos os ollos á dereita, no lado leste da casa, 6 carballos, 6 castiñeiros das indias, 1 tileiro, algún loureiro e algunha falsa acacia resgardan este costado.

Xa estamos na cerna d'O bosque. As árbores predominan neste lugar reservado, enigmático e, asemade, sosegado; sensacións acentuadas polas representacións do xardín arqueolóxico.



Todo nel é necesario pois non se conseguen estes ambientes se falta algunha das súas partes. Á dereita e até o enreixado que delimita a zona de recualificación urbanística, os ollos vánsenos cara aos retallos románicos espaxados polo xardín, cara ás árbores que os acubillan. 1 castiñeiro das indias, 2 fermosas abelairas, 1 tileiro e 2 acereiros ou loureiros de Portugal (*prunus lusitanica*) cos acios vermellos pendurados entre a follaxe. Esta árbore, herdeira dos bosques laurifolios do Terciario, ten a categoría de “vulnerábel” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Á esquerda, un novo ambiente. O estanque, coas espadanas amarelas de inverno ou lirios amarelos, e 11 portentosos carballos. N'O bosque todo é grande e a vista está recibindo constante información.

Andamos uns metros e, á dereita, a capela. 1 acivro, 1 loureiro, 1 freixo, 1 pradairo americano na zona axardinada. Á esquerda, arredor dos restos do Mosteiro de Casteláns, 4 grandes carballos por diante; 7 acereiros, 6 carballos, 3 loureiros e falsas acacias ventureiras de pequeno porte por detrás.

Atravesamos o enreixado...e entramos na zona a recualificar de verde a uso residencial.



Zona a recualificar.

Carballos de gran porte e castiñeiros das indias

Antes de seguir, unha valoración. Non existirá O Bosque e o xardín arqueolóxico que agocha sen esta zona pois deben ser gozados na súa máxima expresión, tal como foron concibidos e mostrados á sociedade. Esta amputación reduciríao a unha extensión ridícula que modificaría e botaría a perder a súa esencia e existencia actual, xa deterioradas coa falta de coidados ao longo dos anos.

Na zona d'O bosque prohibida, no noso percorrido, deixaremos á dereita o Xardín Arqueolóxico, a casa de Dona María; atravesaremos o depósito de augas e remataremos nas ruínas do fondo.

O primeiro que notamos é a cantidade de tocos de árbores cortados nos últimos anos que clarexa o terreo en pendente e contrasta co ambiente exuberante que percorremos até ese intre.



Arbores cortadas na zona do Bosque

Acó contabilízanse 35 árbores cortadas con toros de diferente grosor, e outras 5 na estrema coa zona pública.



Cedro atlántico

Así e todo, espalladas até a casa de Dona María, localizamos 1 loureiro, 1 abelaira, 1 pradairo americano, 6 carballos, 2 camelias, 1 castiñeiro das indias, 1 cedro atlántico, 1 cedro xaponés.

Desde o depósito, cara ao camiño empedrado que circunda a propiedade e cara á ruína do fondo (cortes), un total de 13 carballos; a parada ante algúns deles é obrigada pois a súa grande e aparente presenza nos impresiona; atópanse na zona da visión máis afastada.

Acó, a paisaxe non dá acougo pois unha liña de 5 castiñeiros das indias interrompen a nosa concentración. 1 loureiro, 1 cerdeira, 1 tileiro e 1 pradairo americano pechan o conxunto. Fascinante.

Só nos resta agora, dirixírmonos cara á fachada principal do Gran Hotel e rematarmos o paseo

cunha leve descrición das especies dianteiras.

E así, co Gran Hotel ás nosas costas, dúas liñas de 4 plátanos de paseo (*platanus hispanica*) á dereita, outros 4 á esquerda e 6 castiñeiros das indias, xunto doutros elementos arquitectónicos cinguen a súa fachada. E no medio, diseminados entre o cespede, a grava e a sebe de buxo, 6 liquidámbar (*liquidambar styraciflua*), 1 tileiro, 1 camelia, 1 pradairo, e pequenos acivros completan o conxunto.

Balneario, a 10 de agosto de 2014